

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 11**

**SESION EXTRAORDINARIA DE 19 DE MAIO DE 2004**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa  
Arias Moreira, José Carlos  
Calviño Rodríguez, Julio  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Couto Pérez, José Manuel  
Fernández Fernández, Amador  
Figueroa Vila, José Manuel  
Graña Barcia, María Luisa  
Iglesias Carrera, José Manuel

López-Chaves Castro, Ignacio Javier  
Martíns Vilanova, Margarida Rosa  
Méndez Piñeiro, María José  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Pérez Castrillo, Lois  
Pérez Mariño, Ventura  
Polo Lima, María Soledad  
Ruiz Cenicerros, Mauricio  
Sío Lourido, Belén

**NON ASISTEN:**

Alonso Vázquez, Xulio  
Barros Puente, Miguel  
Domínguez Olveira, Santiago Xosé  
Fernández Davila, María Olaia  
Guerra Fernández, Javier Jorge  
Porteiro García, María Josefa  
Soto Ferreiro, Manoel  
Toba Girón, Xabier.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día dezanove de maio do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, e Sío Lourido, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Barros Puente, Domínguez Olveira,

Fernández Davila, Guerra Fernández, Porteiro García, Soto Ferreiro e Toba Girón.

A Presidenta declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

UNICO.(123) SORTEO DE FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓNS DE DEPUTADOS Ó PARLAMENTO EUROPEO DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI ORGÁNICA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL E INSTRUCCIÓN DA XUNTA ELECTORAL CENTRAL.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas e cinco minutos, a fin de facer o sorteo, por ordenador, da formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións de deputados e deputadas ó Parlamento Europeo, convocadas por RD número 561/2004, do 19 de abril, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 96, do 20 de abril de 2004.

A Sra. Presidenta explicou brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se sacarían números ó chou para escoller cada un dos membros a designar, que corresponderían co número do censo electoral e seguidamente o ordenador faría automaticamente a continuación do número que saíra, segundo a titulación e a idade requirida, os compoñentes das citadas mesas para presidentes, vocais e suplentes.

Os devanditos números son os que seguen:

|                        |     |
|------------------------|-----|
| PRESIDENTE             | 717 |
| 1º VOCAL               | 323 |
| 2º VOCAL               | 421 |
| PRESIDENTE 1º SUPLENTE | 618 |
| PRESIDENTE 2º SUPLENTE | 15  |
| 1º VOCAL 1º SUPLENTE   | 120 |
| 1º VOCAL 2º SUPLENTE   | 925 |
| 2º VOCAL 1º SUPLENTE   | 73  |

De seguido a Sra. Presidenta indica que os devanditos números se introduzan no proceso de datos municipal a fin de que se confeccione o listado dos cargos que terán que ocupar as mesas electorais, listado que se procede a remitir a todos os grupos políticos da Corporación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezanove membros presentes da Corporación, que a constituén de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións de deputados e deputadas ó Parlamento Europeo, que se contén no listado consecuencia do sorteo e a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, a Presidencia deu por rematada a sesión, ás nove horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.